



REFERENDO POLA UBICACIÓN DO CENTRO DE DÍA

Dada a diferenza de criterios pola ubicación do futuro centro de día, desde anova-cedeira coidamos que se precisa a opinión do pobo, a través dun referendo. Pensámolo así por varias razóns como pode ser a de darlle a voz ao pobo, e que esta non se limite a votar cada catro anos.

Outra das razóns é que unha decisión desta magnitude debe estar consensuada polo maior número de xente posible para que non se repitan os feitos tan “bochornosos” como os ocorridos co porto deportivo ou a piscina municipal, que por falta de acordo, non se chegaron a facer.

Así pois, animamos ao grupo de goberno a convocar dito referendo co apoio e compromiso dos outros grupos de respectar e apoiar a decisión do pobo.

Ao noso entender habería tres opcións:

- .-Ubicalo do auditorio.
- .-Ubicalo no centro de saúde.(unha vez feito o novo centro)
- .-Ubicalo do palacete.

Poderíanse engadir máis opcións no caso de que outro grupo as presente.

Por todo o anteriormente exposto, envíase aos diferentes grupos o presente escrito para que valoren a proposta.